

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DEPORTES, XUVENTUDE E VIDA SAUDABLE

No Pazo Provincial, sendo as 12:30 horas do día 20/09/2024, reúnese a Comisión de Deportes, Xuventude e Vida Saudable, baixo a presidencia de D^a. M^a **SANDRA BASTOS MIGUEZ**, e coa asistencia das seguintes deputadas/os: **D. JAVIER TOURIS ROMERO** en substitución de D^a LUISA M^a SANCHEZ MENDEZ, **D. RAFAEL DOMINGUEZ ARTIME**, **D. JORGE CUBELA LOPEZ**, **D^a BELEN CACHAFEIRO ANTA**, **D^a M^a PILAR RAMALLO VAZQUEZ**, **D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO**, **D. JESÚS VAZQUEZ ALMUIÑA**, **D^a M^a NAVA CASTRO DOMINGUEZ**, **D^a. ANA LAURA IGLESIAS GONZALEZ**, **D^a DIGNA RIVAS GOMEZ** en substitución de **D. CARLOS GOMEZ PRADO**, **D. PACO FERREIRA GONZALEZ**, **D^a NURIA RODRIGUEZ RODRIGUEZ**, **D. GORKA GOMEZ DIAZ**, **D. JAVIER IGLESIAS MOUGAN**, **D^a BEATRIZ LOMBA RODRIGUEZ** e **D^a. MARIA ORTEGA IÑARREA**.

Actúa como Secretario **D. ANTONIO SANTOS GUERRA**.

Aberto o acto pola Presidencia, procédese ó estudio dos asuntos que figuran na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR.

Non existindo ningún reparo, apróbase por unanimidade, a acta de 06 de setembro de 2024

2.- DAR CONTA DAS BASES REGULADORAS PARA O RECOÑECIMENTO DA CATEGORÍA DE DEPORTISTA DE ALTO NIVEL (DEPO_DAN E DEPO_DAN+) E DEPORTISTA DE ALTO NIVEL DE BASE (DEPO_TALENTO) DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA NO ANO 2024 E DA CONCESIÓN DE AXUDAS DESTINADAS A APOIAR AS E OS DEPORTISTAS RECOÑECIDAS COA DEVANDITA CATEGORÍA PARA O ANO 2024

Estas bases teñen por obxecto regular o recoñecemento da categoría de deportista de alto nivel (DEPO_DAN e DEPO_DAN+) e deportista de alto nivel de base (DEPO_TALENTO) da Deputación de Pontevedra no ano 2024 e a concesión de axudas destinadas a apoiar as e os deportistas recoñecidos coa devandita categoría para o ano 2024.

Poderán ser beneficiarias das axudas as e os deportistas que obteñan o recoñecemento da categoría de alto nivel e alto nivel de base da Deputación de Pontevedra no ano 2024. Só se poderá solicitar unha única axuda por deportista.

O importe total desta convocatoria ascende a 275.000,00 €

3.- DAR CONTA DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A DEPORTISTAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ÁMBITO DO PROGRAMA “OLÍMPICOS E PARALÍMPICOS 2024”.

Estas bases teñen por obxecto aprobar o programa de axudas “Olímpicos e paralímpicos París 2024”, a través do cal se concederán axudas destinadas a apoiar as e os deportistas da provincia de Pontevedra que participen nos Xogos Olímpicos e Paralímpicos de París 2024.

Poderán ser beneficiarias das axudas as e os deportistas que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que acrediten competir en representación de España nos Xogos Olímpicos ou Paralímpicos de París 2024 coma deportistas, deportistas de apoio ou guías de deportistas paralímpicas ou paralímpicos.



- b) Que nacesen na provincia de Pontevedra ou leven polo menos desde o 1 de xaneiro de 2023 empadroadas ou empadroados na provincia.
- c) Que non estean cumprindo ningunha sanción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva de carácter grave ou moi grave.

O importe total desta convocatoria ascende a 125.000,00 €

4.- ROGOS E PREGUNTAS

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar e sendo as 12:35 horas do indicado día, dáse por concluída a reunión do que eu Secretario dou fe.

